







# PROPOSTA SEMANAL EDUCACIÓN INFANTIL









## SEMANA DO 20 AO 26 DE ABRIL

 <p style="writing-mode: vertical-rl; transform: rotate(180deg);"><b>AUTONOMÍA</b></p>	<p>Podedes seguir colaborando á hora de facer as tarefas da casa, e marcar un pequeno calendario escribindo os días de luns a venres unha tarefa para cada día ( facendo un debuxo da mesma)</p> <p>Por exemplo: o luns poñer a mesa, o martes axudar a cociñar, o mércores limpar , o xoves....</p> <p>E seguir practicando en abotoar e desabotoar a roupa!!!</p>	
 <p style="writing-mode: vertical-rl; transform: rotate(180deg);"><b>LECTOESCRITURA</b></p>	<p>-Practicamos con frases sinxelas, de 3 ou 4 palabras, co <b>"PICTOTRADUCTOR"</b>. Podemos facer de 2 xeitos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Escribimos unha oración sinxela: "El coche es rojo" e que eles deduzan a oración.</li> <li>-Que vos diten a pequena oración e despois "leades visualmente" o resultado. <a href="https://www.pictotraductor.com/">https://www.pictotraductor.com/</a></li> <li>- Os nomes das persoas que máis queremos: tedes que escribir os nomes ( con axuda se precisades) en maiúsculas, despois repasalas con rotulador e por último debuxar a esas persoas especiais que tanto nos queren.</li> </ul> <p>Un pequeno recordatorio do abecedario en galego ... <a href="https://youtu.be/4tRpgWfWSZs">https://youtu.be/4tRpgWfWSZs</a></p>	 
 <p style="writing-mode: vertical-rl; transform: rotate(180deg);"><b>CONTO</b></p>	<p>Coincidindo cos 100 anos do nacemento do xenial escritor Giani Rodari deixámosvos o conto <b>"Confundindo Historias"</b> da editorial Kalandraka.</p> <p><a href="https://www.youtube.com/watch?v=f8Usd8xIYvM">https://www.youtube.com/watch?v=f8Usd8xIYvM</a></p> <p>Despois debuxade a Carapuchiña de tantas cores coma aparece no conto...</p>	



 <p style="writing-mode: vertical-rl; transform: rotate(180deg);">LÓXICO-MATEMÁTICA</p>	<p><b>Dividimos as propostas matemáticas : (A) para 4 e 5 anos, (B) para 3 anos e (C) para todos:</b></p> <p><b>A (4-5 anos) Os amigos do 10:</b> a casa do número 10 é moi especial, hai que entrar sempre por parellas ( de dous en dous) e sempre xuntando 10...Aquí tedes un conto que o explica moi ben : <a href="https://youtu.be/rQr2euZw_GQ">https://youtu.be/rQr2euZw_GQ</a></p> <p>Collede 10 fabas ou lentellas e repartídeos en 2 grupos, despois contade cantos hai en cada grupo, por exemplo: 5 e 5, 6 e 4, 1 e 9, 3 e 7... facede e anotade todas as combinacións posibles para poder entrar..</p> <p><b>B (Para 3 anos) Os dedos dunha man:</b> teñen que poñer a man sobre un folio e repasala con moito coidado, para despois pintala. Contan os dedos dunha man e poñen o número do 1 ó 5. <a href="https://www.youtube.com/watch?v=PxzGHfyAMPY">https://www.youtube.com/watch?v=PxzGHfyAMPY</a></p> <p><b>C (Para todos/as) Xeometría:</b> busca e recorta dunha revista ou folla de publicidade figuras xeométricas: con forma de ▲ , ■ , ☺ , ■ e despois pégaos nun folio .</p> <p>Unha vez clasificados, escribe o nome de cada unha das figuras.</p>	  
 <p style="writing-mode: vertical-rl; transform: rotate(180deg);">WELÉS</p>	<p><u>Conto “The earth book”</u></p> <p>Este conto de Todd Parr fala de que fai o protagonista para coidar o planeta e por que o fai.</p> <p><a href="https://www.youtube.com/watch?v=lpEc5nHqO2c">https://www.youtube.com/watch?v=lpEc5nHqO2c</a></p> <p>Despois de escoitar esta historia, os nenos e nenas fan un debuxo representando que fan eles para coidar o planeta.</p> <p><u>Xogo para atopar obxectos escondidos:</u></p> <p><a href="https://www.highlightskids.com/games/my-first-hidden-pictures/curious-kids">https://www.highlightskids.com/games/my-first-hidden-pictures/curious-kids</a></p>	
 <p style="writing-mode: vertical-rl; transform: rotate(180deg);">MÚSICA</p>	<p><b>EXERCICIOS DE RITMO MUSICAL II:</b></p> <p><a href="https://www.youtube.com/watch?v=v1EKhCtt5RY">https://www.youtube.com/watch?v=v1EKhCtt5RY</a></p> <p>Contos animados II:</p> <p><a href="https://www.youtube.com/watch?v=i6jCFXUugNY">https://www.youtube.com/watch?v=i6jCFXUugNY</a></p> <p><a href="https://www.youtube.com/watch?time_continue=77&amp;v=D Xpbblai6e4&amp;feature=emb_logo">https://www.youtube.com/watch?time_continue=77&amp;v=D Xpbblai6e4&amp;feature=emb_logo</a></p>	



 <p><b>ARTE</b></p>	<p><b>Binomio fantástico</b> de Giani Rodari. Combinando <b>dous</b> elementos que pode que non teñan relación.. podemos crear conceptos novos. E inventar historias fantásticas. A crear!!!</p> <p>Deixámosvos un vídeo con exemplos... e botade a vosa imaxinación a voar!!! <a href="https://youtu.be/VSmnrOH2noE">https://youtu.be/VSmnrOH2noE</a></p>	
 <p><b>EXPERIMENTOS</b></p>	<p>-Plastilina caseira ou “pasta de sal” precisamos: 4 partes de fariña, 2 partes de auga e 2 partes de sal fina. Se lle queredes dar cor podedes usar ténpera ou colorante alimentario. Deixámosvos un vídeo explicativo: <a href="https://www.youtube.com/watch?v=FKkh6sVyLeQ">https://www.youtube.com/watch?v=FKkh6sVyLeQ</a></p> <p>-Capilaridade da auga : precisades 3 botes transparentes, auga, algo que dea cor ( colorante alimentario, ténpera, acuarela...) e papel hixiénico ou de cociña. Deixámosvos un vídeo explicativo: <a href="https://www.youtube.com/watch?v=ss8Xbx-FYBo">https://www.youtube.com/watch?v=ss8Xbx-FYBo</a></p>	
 <p><b>PSICOMOTRICIDADE</b></p>	<p>A bailar con Elmo: Tedes que darlle á música e despois nos 3 botóns que hai: movementos de cabeza, de tronco e de extremidades.. A pasalo ben!!!!!!</p> <p><a href="http://www.sofiajuegos.com/plazasesamo/bailedelemo.php">http://www.sofiajuegos.com/plazasesamo/bailedelemo.php</a></p> <p>Iniciarse no <b>IOGA</b> pode ser interesante para mellorar o equilibrio, a concentración e respiración e coñecer mellor o noso corpo.</p> <p>Aquí tedes algunhas das figuras básicas a través dos animais:</p> <p><a href="https://www.youtube.com/watch?v=t8748OWc1nQ">https://www.youtube.com/watch?v=t8748OWc1nQ</a></p>	
 <p><b>COCINA</b></p>	<p>“Bolboretas no bandullo” proponnos esta receita de “petit-suisse” caseiro para facer , agora que é tempo de amorodos. Premede na imaxe da dereita ou neste link: <a href="https://www.youtube.com/watch?v=1QHz-TpqjKk">https://www.youtube.com/watch?v=1QHz-TpqjKk</a></p>	



Dende a fundación MENIÑOS enviáronnos este diploma,  
que podedes descargar e imprimir,  
porque o estades facendo xenial!!!  
<https://drive.google.com/file/d/1k0lwVaOEODVASuaM22RC5c1-r-VCyWU2/view>



**Estádelo facendo xenial, seguides así.**

**Equipo de Ciclo de Educación Infantil**



**Ceip Nosa Sra de Xuvencos**